

# Día marítimo europeo

A conservación e transmisión da cultura marítima e da pesca é un obxectivo común, compartido polos proxectos europeos Dorna - Desenvolvemento Organizado e Sostible de Recursos no Noroeste Atlántico; NEA2 - Nautismo Espazo Atlántico 2 ámbolos dous encadrados no Programa Espazo Atlántico e Fishernet - Fishing Heritage Network que se encadra no Programa Cultura da Unión Europea.

Por segundo ano consecutivo, os socios destes tres proxectos, tres museos e una entidade con fortes vínculos ao mar acordaron organizar conxuntamente unhas xornadas reivindicativas do noso patrimonio marítimo e pesqueiro no marco das celebracións do Día Marítimo Europeo que, a vez que reivindica o mar como patrimonio común dos galegos e dos europeos, serve para facer visibles os esforzos de numerosos colectivos da nosa comunidade, para manter viva a relación co mar e a súa cultura.

Hoxe o mar é o primeiro espazo de lecer da sociedade e se como dominio público é de todos, non todos os cidadáns teñen acceso ao seu uso, tanto nos aspectos lúdicos e de gozo como nos culturais. Democratizar o uso do mar, facelo accesible a todos os cidadáns eliminando os obstáculos para que calquera persoa, independentemente das súas circunstancias, poida atopar nel un ámbito para o ocio, a cultura e a vida saudable, é o obxectivo de moitas entidades galegas que veñen desenvolvendo, en distintos campos, labores de conservación, posta en uso e mellora da accesibilidade ao patrimonio marítimo que compartimos.

Esta xornada “ Un mar de cousas” quere reivindicar este espazo de encontro, facelo visible, reclamar a súa accesibilidade para o conxunto de cidadáns e colectivos, mantelo vivo e presente no corpo social tanto como espazo produtivo na pesca, na construción naval en madeira, no turismo ou no nautismo, como na súa outra vocación de espazo de cultura, no uso para o lecer, o deporte e a vida saudable.

# PROGRAMA:



- 9:45 h** Presentación.
- 10:00 h** Arquivo histórico Confraría de Burela. Alexia Luíña López. Confraría de Burela.
- 10:20 h** A Escola de vela tradicional. Uxío Allo. A.C. Dorna.
- 10:40 h** Náutica Accesible. Alejandra Fernández. R.C. Náutico de A Coruña
- 11:00 h** A Marina: de Caldebarcos a Bueu. Pablo Carrera. Museo do Mar de Vigo.
- 11:20 h** Café
- 11:50 h** O fondo La Artística – Alonarti. Belén Saenz-Chas Díaz. Museo do Pobo Galego.
- 12:10 h** Plan de mellora da Carpintería de O Charango. Óscar Fuertes Dopico. Equipo COAG Proxecto Dorna.
- 12:30 h** Musica popular como factor de desenvolvemento. Ramón Pinheiro Almuinha. A Central Folque.
- 12:50 h** Visita ao Museo Massó e a Carpintería de Purro (Bueu)

**Pola mañá e pola tarde haberá saídas en embarcacións para escolares e asociacións de carácter social organizadas pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Prazas limitadas.**

# Folla de inscrición

D./D.<sup>a</sup>, .....

.....

.....

da entidade.....,

de.....,

desexo inscribirme nas xornadas “Un mar de cousas”, que terán lugar o próximo día 21 de maio ás 9:45 horas no Museo Massó, Bueu (Pontevedra).

Teléfono de contacto: .....

Correo electrónico: .....

.....

Día límite de inscrición: 18 de maio.

Enviar por correo electrónico os datos indicados a [teresa.rojas.suarez@xunta.es](mailto:teresa.rojas.suarez@xunta.es)



# Un mar de cousas

Folla de inscrición

XX anos da recuperación do pecio da Marina

## Un mar de cousas

XX anos da recuperación do pecio da Marina

DÍA MARÍTIMO EUROPEO

21 DE MAIO DE 2011

Museo Massó. BUEU

Organizadores:



## Un mar de cousas

XX anos da recuperación do pecio da Marina



• día marítimo europeo

21 DE MAIO DE 2011



Museo Massó. BUEU